

SAMAÍN, 2010



A festa das cabazas A festa dos calacús

Tallar caveiras nas cabazas é un costume galego, que estivo algo esquecido, pero agora volta a ser novamente popular.



**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA
LINGUA GALEGA**



**CEIP FERNÁNDEZ LATORRE
A CORUÑA**



**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ALGO DE HISTORIA



Hai anos, coincidindo coa chegada do outono, apañábanse as cabazas que se sementaran entre o millo.

A rapazada que colaborara na colleita era agasallada con algunha destas cabazas para que tallaran nelas caveiras arrepiantes, canto máis arrepiantes moito mellor e que as colocaran, a noite do 31 de outubro, cunha candeia dentro, nos camiños, entre as silveiras, nas fiestras das casas... co aquel de meterlle medo á xente que pasase a rentes delas.

LEMBRA...



As cabazas entregaranse no colexio o martes, día 2 de novembro, antes de que toque a música de entrada ás clases.

As cabazas serán recollidas por Loló, Sol, Pablo e nais e pais da ANPA, que farán entrega dun agasallo a cada un dos participantes.

A partir das 18,30 horas prenderanse as candeas das cabazas e, unha hora despois, recolleranse para asistir con elas ao desfile do Samain 2010. O desfile faémolo ao redor da praza de Pablo Iglesias e contaremos cos gai-teiros da Asociación de Veciños IAR.